

ARTRALXIAS NA CONSULTA

Sal Valiño, Javier; Rilo Castelao, Ana; Cañellas Dols, Margalida; Marcos Atanes, Alba;
Deus García, Cristina; Sal Valiño, Andrés

Ámbito do caso: Atención primaria.

Xuizo clínico: viriase vs probable fibromialxia.

Motivo de consulta: lesións dermatolóxicas e artralias.

Tratamento: sintomático.

Historia clínica:

-Antecedentes persoais: NAMC. Intervida de fibroadenoma.

-Situación funcional: Traballa nun centro sanitario.

-Anamnese: Muller de 44 anos que acode por aparición de lesións cutáneas a nivel de ambas pernas e dos antebrazos. Refire dor nas mans e sensación de tirantez a nivel das pernas, de características inflamatorias. Non febre. Nega relacións sexuais de risco. Non ten animais. Non viaxes recentes. Non presenta outra clínica.

-EF: TA 132/80 FC: 82 SatO2 99% Tª 36°C
Aceptable estado xeral. Afectada pola dor. ORL: sen alteracións. AC: rítmica, sen sopros. AP: mvc. Abdome: sen alteracións. NRL: sen signos de focalidade.
Exploración dirixida: resolución das lesións cutáneas (amosa fotos onde se observa lesións eritematosas a nivel de ambos brazos). Presenta edema e dor á palpación da muñeca dereita. Non datos de artrite noutras localizacións. Non presenta adenopatías. Puntos gatillo de fibromialxia positivos.

-Probas complementarias: solicitamos analítica con estudo de autoinmunidade (ANAs, FR, antipéptido citrulinado e seroloxía de virus (Epstein-Barr, CMV, parvovirus, VIH) e seroloxía de Borrelia Burgdorferi). Finalmente, confirmase diagnóstico de infección por parvovirus co positivo das IgM fronte a ese virus.

Conclusión:

A infección por parvovirus, patoloxía que se observa con maior frecuencia na idade pediátrica, é algo que tamén se debe ter en conta na consulta, ante a presentación de síntomas inespecíficos (febre, artralias, lesións cutáneas, etc...). O caso anterior tamén serve para lembrar os posibles nesgos e prexuízos á hora de atender ás pacientes, como sería neste caso a sospeita inicial de fibromialxia. Por outra banda, serve tamén para lembrar a importancia das posibles complicacións deste virus en mulleres embarazadas e en persoas inmunodeprimidas.

